

## Exame tipo

*Primeira pregunta.* A súa valoración máxima é de 3 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos.


*Segunda pregunta.* A súa valoración máxima é de 3 puntos: requírese a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e as consecuencias dos feitos expostos.

*Terceira pregunta.* A súa valoración máxima é de 4 puntos: valorarase a organización e exposición dos contidos.

1.- Definir brevemente os seguintes conceptos: cunca hidrográfica; centro histórico; oroxenia; corrente en chorro (*Jet Stream*); crecemento vexetativo; balanza de pagamentos.

2.- No seguinte mapa represéntase a precipitación media anual en España. Coménteo e responde ás seguintes preguntas:

- ¿Cales son as Comunidades Autónomas nas que se rexistran as maiores precipitacións anuais?
- Relacionar a información cartografada neste mapa coa distribución do relevo.
- Explicar as diferenzas de precipitación entre a costa atlántica e cantábrica e a costa mediterránea.



3.- Desenvolver o tema: As paisaxes agrarias no ámbito mediterráneo peninsular.